

O Tribunal de selección nomeado para a cobertura do posto de Dirección Económica, Administrativa e de RRHH da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 15 de outubro de 2021 publícase no DOG anuncio polo que se convoca un posto de persoal directivo vacante para a súa cobertura (*director/directora económico/a, administrativo/a e de recursos humanos de RETEGAL*).
2. As bases reguladoras da convocatoria da selección para o posto de Dirección Económica, Administrativa e de RRHH da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA establece que o tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:
 - Presidenta: Natalia Blanco Fernández, vicexerenta de Xestión Económica e Contratación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
 - Secretario: José Manuel Civeira Moure, Xefe de Departamento de Persoal da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
 - Vogais:
 - Miguel Rodríguez Quelle, director de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
 - Joaquín Alonso Montenegro, director técnico de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal S.A.
 - Javier Páez González, xefe de Departamento de Conectividade e Inclusión Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
3. Por Resolución de 12 de novembro apróbase e publícase a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura da praza de director/directora económico/a, administrativo/a e de recursos humanos de Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S.A. . Os aspirantes admitidos son os seguintes:
 - Álvaro Luis Rodríguez Losada (DNI *****068*)
 - Jaime Rodríguez Fernández (DNI *****919*)



4. O Tribunal constituíuse o 25 de novembro de 2021, celebrando outras sesións os días 13 de decembro de 2021, 11 de xaneiro de 2022, 14 de xaneiro de 2022 e 24 de xaneiro de 2022.
5. O Tribunal de selección desenvolveu o procedemento selectivo, segundo o previsto nas bases da convocatoria, procedemento que consta de 3 fases (baremación de méritos alegados, memoria de actividades con entrevista persoal e acreditación da lingua galega).
6. De acordo coas bases, as puntuacións definitivas en cada fase obtidas polos candidatos, e as súas cualificación finais son as que se recollen na seguinte táboa:

Nome e apelidos	DNI (*)	Puntuación 1ª fase	Puntuación 2ª fase	Acreditación lingua galega	Puntuación Total
Álvaro Luis Rodríguez Losada	*****068*	40	38,6	Apto	78,6 puntos
Jaime Rodríguez Fernández	*****919*	30	16	Exento	46 puntos

7. De conformidade coa base 9 da convocatoria "Unha vez finalizado o proceso de selección, o tribunal publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios de Retegal as puntuacións obtidas polos/as aspirantes con indicación do/a candidato/a seleccionado/a. Establécese un prazo de tres días desde a publicación para presentar alegacións O tribunal elevará á presidenta do Consello de Administración de Retegal a proposta a favor do/a aspirante que obtivese a maior puntuación. O nomeamento corresponde ao Consello de Administración de Retegal por proposta motivada da súa Presidenta"
8. Esta publicación, en web e taboleiro, efectuouse o día 17 de xaneiro de 2022, sen que no prazo que nela se indicaba se presentase alegación ningunha.



9. O Tribunal, na sesión celebrada o día 24 de xaneiro de 2022, acorda:

Primeiro.- Establecer como definitivas as cualificacións finais obtidas polos aspirantes no proceso selectivo, con indicación do candidato seleccionado (D. Álvaro Luis Rodríguez Losada)

Segundo.- Elevar á presidenta do Consello de Administración de Retegal a proposta de candidato seleccionado a favor de D. Álvaro Luis Rodríguez Losada.

Por todo o exposto, o Tribunal de selección nomeado para a cobertura do posto de Dirección Económica, Administrativa e de RRHH da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA

PROPÓN

Como candidato seleccionado a **Álvaro Luis Rodríguez Losada**, con DNI *****068* , aspirante no proceso selectivo convocado para a cobertura do posto de Dirección Económica, Administrativa e de RRHH da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA , que superou as tres fases establecidas no proceso cunha puntuación total de 78,6 puntos.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

A presidenta do Tribunal

Natalia Blanco Fernández

